


# Dragóns piratas e castelo



**Kai Uhía Spuch**

# 1

## O asalto

No castelo do Rei Gerundio IV había unha néboa que conxelaba os ósos. Os gardas que vixiaban o porto viron un barco que xurdira da nada e de pronto uns piratas asaltaron o porto deixando aos gardas inconscientes, pero antes de chegar ás portas, estas abríronse e saíron mais cabaleiros.

Os piratas negáronse a renderse e a Nigromante de abordo conxelou aos cabaleiros e chegaron a o patio do Rei, que estaba bastante ben coidado pero tiña un gardián pantasma que varreu a primeira fila de piratas pero....

O capitán pirata sacou un talismán que fixo que a pantasma esvaecérase deixando un rastro de fume azul e despois de tanto esforzo atoparon todo o tesouro detrás dunha ilusión.

O tesouro era de ouro, ferro e minerais preciosos



Cando os piratas partiron viron o lonxe que no porto xuntábanse unha gran cantidade de cabaleiros e o Rei Gerundio

Pero os piratas partiran a tempo, e para o Rei, os seus cabaleiros foran moi moi lentos, ata o punto de mandalos facer unha maratón de 100 m a xeito de castigo.

Cando os piratas xa estaban ben lonxe do Rei e a súa garda, escoitaron un tremendo ruxido que proviña dun enorme dragón negro de ollos amarelos como o sol. O dragón empezou a botar chamaradas aos piratas, que contraatacaron cun raio que esconxurou a Nigromante xa antes mencionada, pero o dragón enfadouse e destruíu o barco, roubando o tesouro. O capitán estaba botando fumes polo enfadado e tamén por que as súas barbas estaban fumeando.



## 2

# A busca dos dous bandos

**O** Rei Gerundio preparou os seu mellores barcos e partiu cunha chea de cabaleiros e gardas de menor nivel, despois dunha longa navegación o Rei atopou un barco semi-afundido e medio queimado pero tamén uns piratas flotando sobre tablóns de madeira queimada, que casualmente eran os que lle roubaran o tesouro que agora estaba en mans do dragón negro.

Os cabaleiros do Rei Gerundio desenfundaron as súas espadas e os arqueiros cargaban os seus arcos para atacar aos piratas pero antes de que os barcos do Rei puidesen alcanzar aos piratas, a Nigromante fixo cun conxuro unha réplica pirata dun dos barcos do Rei e os piratas subiron abordo e marcharon o mais rápido que puideron mentres o Rei pisáballes os talóns.

Entretanto o dragón negro chegou a súa cova nas montañas, chea de ouro que acumulara durante centos de anos e tamén estaba o seu lugar de descanso que era un montón de ponlas e follas e algunha moeda que quedara por aí.

Ao tempo, tanto o rei como os piratas buscaban sin descanso o tesouro.....

O barco pirata de repente foi atacado por un monstro do mar.

# 3

## A impedimenta

O Rei Gerundio estaba perseguindo aos piratas cos seus barcos, xa case os alcanzara, e de súpeto o Rei mandou aos seus cabaleiros e gardas que cargasen os seus arcos e desenfundasen as súas espadas.

Alí ao lonxe viron o barco dos piratas e estaba bastante esnaquizado a causa dun xigantesco monstro mariño cun enorme pescozo e unha boca chea de dentes e uns ollos negros cun punto vermello no medio que brillaban coma un láser. Mentres, os piratas...

O capitán pirata estaba indignado mandando á súa xente atacar ao monstro e reparar os danos que provocara. A Nigromante fixo un feitiço de ataque poderoso que ao monstro parecía non afectarlle moito. Entón o capitán púxose vermello coma un tomate de tan enfadado que estaba, e as súas barbas fumeaban. Á Nigromante ocorréuselle facer un esconxuro para invocar a un ser doutro mundo porque eso podería axudalos a deter ao monstro. Abriuse un portal interdimensional e apareceu un demo vermello e negro.

O Rei Gerundio veu ao monstro e ao barco dos piratas temendo que a él pasáralle o mesmo, entón ordeou facer un rodeo e ir por outra ruta aínda que fose máis longa. Pero de súpeto un dragón negro de ollos amarelos brillantes lanzou unha chamarada cara eles. Os cabaleiros foron rápidos e fixeron a formación de tartaruga, cubríndose do lume cos seus escudos. Aínda así os escudos sufriron danos, estaban case destruídos.



## 4

# A batalla final

O dragón fixo que uns picos de lume xurdiran da nada e picáranlle no cu a algúns cabaleiros, entón dende lonxe, a unha velocidade impensable, achegouse un ser con cornos que parecía un demo, e o dragón deulle un coletazo, lanzoulle un raio de lume e fixo aparecer picos de lume moito máis grandes e perigosos que deixaron ao demo esnaquizado, e inmediatamente marchou de volta á súa dimensión.

Temendo que os piratas se achegasen á cova onde tiña o seu tesouro, o dragón volveu para o seu tobo.

Entón o Rei Gerundio continuou a travesía cara a illa do dragón.

Os piratas observaban o corpo inerte do monstro mariño que quedara así despois de ser atacado polo demo que invocara a Nigromante. Pero de súpeto, comezou a cobrar vida, e desta vez os seus ollos eran dunha cor vermella e granate como a sangue, brillando cun ton de enfado e malicia. Inmediatamente a Nigromante fixo un feitizo de ultravelocidade para o barco, e así poder escapar do monstro antes de que recuperase as forzas.

Os piratas avistaron a illa pero de supeto unha tormenta de fume e neboa facía que non se puidese ver nada. Nesas estaban cando á Nigromante ocorreuuselle que podían compartir o tesouro pero para eso tería que estar todo en calma.

O Rei Gerundio empezou a ver que a illa estaba rodeada de fume e neboa e non se podía ver nada pero co catalexo distinguíu que había unha parte sen neboa pero tamen era a máis perigosa por que alí naufragaran mais de oitenta barcos de piratas e outros reis.

Mentres, os piratas non vían nada, estaba todo cheo dunha especie de néboa negra que parecía máis fume que outra cousa. Entón a Nigromante fixo un feitizo para disipar a néboa, e conseguíuno en parte, pero non era unha néboa normal, era máxica, estaba feita polo dragón. Nese momento chegou o dragón onde os piratas e lanzoulles unha chamarada que deixou en brasas medio barco. A Nigromante fixo un esconxuro de teletransportación que os trasladara a ela e máis o dragón a un lugar tranquilo para unha reunión. Tras falar durante uns minutos acordaron que ían repartir o tesouro entre os piratas, o Rei Gerundio e o dragón.

O Rei chegou á illa e deu a orde de que os seus cabaleiros desenbarcasen, entón os piratas, xa coa Nigromante de volta, desembarcaron tamén na illa do dragón, e xusto nese intre o barco pirata caeu en anacos, o que fixo que o capitán quedara con cara de enfadado, erizándosele o bigote e a barba. E dixo un dos seus esbirros: - Está máis enfadado que un dragón sen tesouro

En canto o capitán e o Rei chegaron ao mesmo tempo á porta da cova do dragón, este e a Nigromante dixeron que podíase repartir o tesouro. Todos o estiveron pensando e chegaron a o acordo de un terzo para cada un. E o Rei volveu ao castelo moi contento coa súa parte, os piratas fixéronse cun novo barco e seguiron coas súas aventuras navegando e o dragón tan contento, quedou feliz na súa cova.

*Fin*